



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Emigración

# PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN

2014 - 2016

## ÍNDICE:

<b>PRIMEIRA PARTE: FUNDAMENTOS DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016</b> .....	4
<b>1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA</b> .....	6
1.1. Marco normativo internacional .....	6
1.2. Marco normativo europeo .....	6
1.3. Marco normativo estatal .....	10
1.4. Marco normativo galego .....	17
<b>2. OBXECTIVOS XERAIS, ÁREAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN</b> .....	21
2.1. Obxectivos xerais .....	22
2.2. Áreas e liñas de actuación .....	24
<b>SEGUNDA PARTE: ÁREAS DE ACTUACIÓN</b> .....	37
<b>3. ÁREAS ESPECÍFICAS</b> .....	38
3.1. Área de atención socioasistencial .....	39
3.2. Área de atención sociocultural .....	51
3.3. Área de atención as comunidades e entidades galegas no exterior .....	57
3.4. Área de desenvolvemento normativo e aplicación da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade .....	62
3.5. Área de desenvolvemento dos procesos de unión no ámbito da galeguidade .....	72
3.6. Área de muller e xuventude .....	79
3.7. Área de espazos de representación da Galicia exterior .....	92

3.8.	Área de protección do patrimonio das comunidades galegas no exterior .....	97
3.9.	Área tecnoloxía, accesibilidade na Administración e comunicación.....	103
3.10.	Área do retorno.....	107
<b>4.</b>	<b>ÁREAS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>112</b>
4.1.	Galeguidade e saúde .....	113
4.2.	Galeguidade e cultura .....	117
4.3.	Galeguidade e benestar .....	121
4.4.	A proxección económica de Galicia no exterior e a galeguidade.....	124
4.5.	Galeguidade e a promoción de Galicia no exterior .....	129
4.6.	Galeguidade e cooperación galega ao desenvolvemento.....	132
	<b>TERCEIRA PARTE: GOBERNO DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016.....</b>	<b>135</b>
<b>5.</b>	<b>NIVEIS DE XESTIÓN DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016.....</b>	<b>136</b>
<b>6.</b>	<b>DESENVOLVEMENTO DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016.....</b>	<b>138</b>
<b>7.</b>	<b>ORZAMENTO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016.....</b>	<b>149</b>



## PRIMEIRA PARTE: FUNDAMENTOS DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016





## 1. MARCO NORMATIVO





## **1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA.**

### **1.1. Marco normativo internacional**

- Resolución das Nacións Unidas sobre o día Internacional do Migrante, tomando nota da decisión 2000/288 do Consello Económico e Social, do 28 de xullo de 2000, Proclamación do 18 de decembro Día Internacional do Migrante. 81.ª sesión plenaria 4 de decembro de 2000

### **1.2. Marco normativo europeo**

- Tratado da Unión Europea.
- Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento (CEE) núm. 1612/68 do Consello do 15 de outubro de 1968, relativo á libre circulación dos traballadores dentro da comunidade.



- Regulamento (CEE) núm. 312/76 do Consello, do 9 de febreiro de 1976, polo que se modifican as disposicións relativas aos dereitos sindicais dos traballadores que figuran no Regulamento (CEE) núm. 1612/68 relativo a libre circulación dos traballadores dentro da comunidade.
  
- Regulamento(CEE) núm. 2434/92 do Consello, do 27 de xullo de 1992, polo que se modifica a segunda parte do Regulamento (CEE) núm. 1612/68 relativo á libre circulación dos traballadores dentro da comunidade.
  
- Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros pola que se modifica o Regulamento (CEE) núm. 1612/68 e se derrogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE (texto pertinente para efectos do EEE)
  
- Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros pola que se modifica o Regulamento (CEE) núm. 1612/68 e se derrogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE.



- Comunicación da Comisión, do 11 de decembro de 2002, titulada «A libre circulación de traballadores: a plena realización das súas vantaxes e as súas posibilidades» [COM (2002) 694 final]
  
- Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do consello, do 7 de setembro de 2004, relativa ao recoñecemento de calificacións profesionais, pola que quedan derogadas as directivas 77/452/CEE, 77/453/CEE, 78/686/CEE, 78/687/CEE, 78/1026/CEE, 78/1027/CEE, 80/154/CEE, 80/155/CEE, 85/384/CEE, 85/432/CEE, 85/433/CEE, 89/48/CEE, 92/51/CEE, 93/16/CEE e 1999/42/CE.
  
- Decisión núm. 189 da CASSTM, do 18 de xuño de 2003, dirixida a substituír por unha tarxeta sanitaria europea una tarxeta sanitaria europea os formularios necesarios para a aplicación dos Regulamentos (CEE) núm. 1408/71 e (CEE) núm. 574/72 do Consello no que respecta ao acceso á asistencia sanitaria durante unha estancia temporal nun Estado membro distinto del Estado competente ou de residencia [Diario Oficial L 276 de 27.10.2003].
  
- Decisión núm. 190 da CASSTM, do 18 de xuño de 2003, relativa ás características técnicas da tarxeta sanitaria europea [Diario Oficial L 276 de 27.10.2003].





- Decisión núm. 191 da CASSTM, do 18 de xuño de 2003, relativa á substitución dos formularios E 111 e E 111 B pola tarxeta sanitaria europea [Diario Oficial L 276 de 27.10.2003].
  
- Implementación do programa comunitario de Lisboa: proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á mellora da portabilidade dos dereitos de pensión complementaria.
  
- Regulamento (CEE) núm. 1612/68 do Consello do 15 de outubro de 1968, relativo á libre circulación dos traballadores dentro da comunidade.



## 1.3. Marco normativo estatal

### 1.3.1. Pensións

- Lei 3/2005, do 18 de marzo, pola que se lles recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fora do territorio nacional. BOE do 21/03/2005.
- Real Decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor de los españois residentes no exterior e retornados.
- Orde TAS/1967/2005, do 24 de xuño, pola que se establecen as disposicións para o desenvolvemento e aplicación da Lei 3/2005, do 18 de marzo. BOE do 25/06/2005.
- Resolución do 8 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Emigración, pola que se desenvolve o procedemento determinación da situación de incapacidade absoluta comprendida na prestación por razón de necesidade en determinados supostos.
- Resolución do 4 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Emigración, pola que se establece o prazo para a presentación da fe de vida e declaración de ingresos para os beneficiarios de pensións asistenciais por anciandade e das prestacións económicas recoñecidas aos cidadáns de orixe español desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional. BOE do 15/07/2006.



### 1.3.2. Asistencia sanitaria

- Decreto 1075/1970, do 9 de abril, sobre asistencia sanitaria aos traballadores españois emigrantes e aos familiares dos mesmos residentes en territorio nacional. BOE do 15/04/1970.
- Orde do 10 de xuño de 1970 pola que se ditan normas para a aplicación e desenvolvemento do disposto no Decreto 1075/1970, do 9 de abril, sobre asistencia sanitaria da Seguridade Social aos traballadores españois emigrantes e a os seus familiares residentes en territorio nacional. BOE do 20/06/1970.
- Orde do 13 de xullo de 1971 sobre aplicación de beneficios da Seguridade Social aos traballadores españois emigrantes dedicados a actividades marítimo-pesqueiras por conta allea. BOE do 16/07/1971.
- Resolución do 25 de febreiro de 2008, conxunta da Dirección Xeral de Emigración e da Dirección Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social, pola que se regula o procedemento para acceder a asistencia sanitaria para españois de orixe retornados e para pensionistas y traballadores por conta allea españois de orixe residentes no exterior que se despracen tempralmente ao territorio nacional. BOE do 01/03/2008.
- Resolución do 6 de abril de 2009, conxunta da Dirección Xeral de Emigración e do Instituto Nacional da Seguridade Social, pola que se modifica a do 25 de febreiro de 2008, pola que se regula o procedemento para acceder á asistencia sanitaria para españois de orixe



retornados e para pensionistas e traballadores por conta allea españois de orixe residentes no exterior que se despracen temporalmente ao territorio nacional. BOE do 04/05/2009.

- Resolución do 9 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral da Cidadanía Española no Exterior, pola que se prorroga o dereito a asistencia sanitaria para todos aqueles beneficiarios de prestación económica por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior que acreditasen a condición de pensionistas o 31 de decembro de 2008.
- Resolución do 10 de xaneiro de 2011, da Dirección Xeral da Cidadanía Española no Exterior, pola que se prorroga o dereito a asistencia sanitaria para todos aqueles beneficiarios de prestación económica por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior que acreditasen esta condición o 31 de decembro de 2010/7. 2.3 Subvencións.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións 18/11/2003.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei do 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións. BOE a 26/07/ 2006.
- Real decreto 1493/2007, do 12 de novembro, polo que se aproban as normas reguladoras da concesión directa de axudas destinadas a atender as situacións de extraordinaria necesidade dos españois retornados. BOE do 26/11/2007.
- Orde TAS/874/2007, do 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, destinadas os programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados. BOE do 05/04/2007.



- Orde TIN/2004/2008, do 26 de xuño, pola que se modifica a Orde TAS/874/2007, do 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados. BOE do 10/07/2008.
- Orde TIN/58/2009, do 21 de xaneiro, pola que se modifica a Orden TAS/874/2007, do 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados BOE do 27/01/2009.
- Orde TIN 2378/2009, do 28 de agosto, pola que se modifica a Orden TAS/874/2007, do 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvenciones destinadas aos programas de actuación para la ciudadanía española no exterior e os retornados.
- Publicada corrección de erros á Orde de concesión de subvencións para a cidadanía española no exterior e os retornados: o pagamento poderase realizar realizar por anticipado tras a concesión. BOE do 04/10/2007.
- Publicada corrección de erros á Orde de concesión de subvencións para a cidadanía española no exterior e os retornados: o prazo de solicitude será dun mes dende a publicación de cada Resolución. BOE do 23/04/2007.
- Publicada corrección de erros á Orde de concesión de subvencións para a cidadanía española no exterior e os retornados: xustificación de pagamentos efectuados con anterioridade. BOE do 21/11/2007.
- Orde TAS/561/2006, do 24 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas asistenciais correspondentes aos programas de actuación a favor dos emigrantes españois non residentes en España. BOE do 02/03/2006.



- Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos programas de actuación para la ciudadanía española no exterior e retornados.
- Orde ESS/1650/2013, do 12 de setembro, de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para 2013 a concesión de subvencións destinadas ao programa de mozos da Dirección Xeral de Migracións.
- Resolución do 12 de marzo de 2013, de la Dirección Xeral de Migracións, pola que se convocan axudas para 2013, do Programa de asociacións da Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo.
- Resolución do 12 de marzo de 2013, da Dirección Xeral de Migracións, pola que se convocan axudas para 2013, do Programa de maiores e dependentes da Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo.
- Resolución do 29 de maio de 2013, da Dirección Xeral de Migracións, pola que se convocan axudas para 2013, do Programa de comunicación da Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo.
- Resolución do 10 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Migracións pola que se convocan axudas para 2013, do Programa de centros da Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo.
- Resolución do 10 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Migracións pola que se convocan axudas para 2013, do Programa de Proxectos e Investigación da Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo.
- Orde ESS/1650/2013, do 12 de setembro de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para 2013 a concesión de subvencións destinadas ao Programa de Mocidade da Dirección Xeral de Migracións.



### 1.3.3. Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior.

- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior .
- Real decreto 1493/2007, do 12 de novembro, polo que se aproban as normas reguladoras da concesión directa de axudas destinadas a atender as situacións de extraordinaria necesidade dos españois retornados.
- Real decreto 230/2008, do 15 de febreiro, polo que se regula o Consello Xeral da Cidadanía Española en el Exterior. BOE do 16/02/2008.
- Orde TAS/561/2006, do 24 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas asistenciais correspondentes os programas de actuación a favor dos emigrantes españois non residentes en España.
- Real decreto 245/2009, do 27 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 230/2008, do 15 de febreiro, que regula o Consello Xeral da Cidadanía Española no. BOE do 10/03/2009.
- Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Cidadanía Española no Exterior, pola que se establecen as normas para a designación de membros do consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior no suposto do artigo 12.2 do Real decreto 230/2008, do 15 de febreiro. BOE do 16/09/2009
- Real Decreto 1960/2009, do 18 de decembro, polo que se regulan os Consellos de residentes españois no estranxeiro.
- Orden AEC/2172/2010, do 13 de xullo, pola se regulan a constitución, elección e funcionamento de los consellos de residentes españois no exterior.



#### 1.3.4. Nacionalidade

- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padecen persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura. BOE do 27/12/2007.
- Orde PRE/3189/2008, do 31 de outubro de 2008, (BOE núm. 269, do 7 de novembro), pola que se publica o Acordo de Consello de Ministros, do 31 de outubro 2008, polo que se toma coñecemento das de las medidas de desenvolvemento da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, que van adoptar os ministerios de Xustiza e Presidencia.
- Instrución do 4 de novembro de 2008, da Dirección Xeral dos Rexistro e do Notariado, sobre o dereito de opción á nacionalidade española establecido na disposición adicional sétima de la Lei 52/2007, do 26 de decembro BOE do 28/11/2008.
- Decreto do 3144/1967, de 28 de decembro, (BOE núm. 12, do 13 de xaneiro de 1968) polo que se lles prohíbe aos españois prestar servizo de armas en países estranxeiros. Circular número 1/1968, do 20 de febreiro, da Fiscalía do Tribunal Supremo sobre perda de nacionalidade por español que entre ao servizo de armas dun Estado estranxeiro.
- Circular do 11 de abril de 1978, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, (publicado en BIMJ\_1129/1978/04/25) sobre inscricións de nacementos ocorridos fóra de España e nacionalidade española dos interesados.
- Resolución do 17 de xuño de 1983, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre a perda da nacionalidade española por asentimento voluntario a outra.





- Lei 29/1995, do 2 de novembro, (BOE núm. 264, do 4 de novembro) pola que se modifica o Código civil en materia de recuperación da nacionalidade.
- Real decreto 1792/2008, do 3 de novembro, (BOE núm. 277, do 17 de novembro) sobre concesión da nacionalidade española aos voluntarios integrantes das brigadas internacionais. Artigos do 17 ao 28 do título primeiro dos españois e estranxeiros do Código civil.

#### **1.4. Marco normativo galego**

##### **1.4.1. Estatuto de Autonomía de Galicia**

### **TÍTULO PRELIMINAR**

#### **ARTIGO 3**

Para efectos do presente estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.



Como galegos, gozan de dereitos políticos definidos neste estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei do Estado.

#### **ARTIGO 4**

Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.

#### **ARTIGO 7**

As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado Español que, para facilitar o disposto anteriormente, realice os oportunos tratados ou convenios cos Estados onde existan tales comunidades.

### **TÍTULO I: DO PODER GALEGO**

#### **Capítulo I: Do Parlamento**



## **ARTIGO 11**

1. O Parlamento, mediante lei, poderá establecer un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.

## **TÍTULO II: DAS COMPETENCIAS DE GALICIA**

### **Capítulo I: Das competencias en xeral**

## **ARTIGO 29**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1. Laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e no nivel de execución, posúe actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

Quedan reservadas ao Estado todas as competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

## **ARTIGO 32**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega.



## ARTIGO 35

1. A Comunidade Autónoma poderá realizar convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia destas. A realización dos citados convenios, antes da súa entrada en vigor, deberá ser comunicada ás Cortes Xerais. Se as Cortes Xerais, ou algunha das Cámaras, manifestasen reparos no prazo de trinta días, a partir da recepción da comunicación, o convenio deberá seguir o trámite previsto no parágrafo seguinte. Se transcorre ese prazo sen que se manifesten reparos ao convenio, este entrará en vigor.
2. A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.
3. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que celebre e presente, se é o caso, ás Cortes Xerais para a súa autorización, os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos.

### **1.4.2. Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade**

*(Diario Oficial de Galicia número 126, do 4 de xullo de 2013)*



## 2. OBXECTIVOS XERAIS, ÁREAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN





## 2.1. Obxectivos xerais.

- Garantir o cumprimento do dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a compartir a vida social, cultural e económica da Comunidade Autónoma de Galicia, expresado a través do sinalado no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegüidade.
- Garantir a necesaria atención, asistencia e protección dos cidadáns galegos residentes no exterior, con especial atención aos nosos emigrantes, aos nosos maiores residentes no exterior e a aqueles galegos residentes fóra das nosas fronteiras e en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.
- Apoiar as comunidades galegas e a outras entidades galegas asentadas fóra de Galicia no desenvolvemento das actividades que lle son propias e dende a concepción da galegüidade como instrumento de relación entre a Galicia exterior e a Galicia territorial e como instrumento da sociedade galega para a súa proxección exterior.
- Fomentar os procesos necesarios para garantir a continuidade das comunidades galegas e entidades galegas fóra de Galicia, de xeito especial, a unión de entidades galegas que compartan o mesmo espazo territorial, a integración da xuventude na vida diaria da galegüidade, impulsar a participación igualitaria das mulleres na galegüidade, fomentar a eficacia e eficiencia no traballo organizativo das comunidades e entidades galegas no exterior e fortalecendo as estruturas de representación e traballo das comunidades galegas no exterior a través do Consello de Comunidades Galegas.





- Protexer o patrimonio histórico, cultural e documental da galeguidade, a través de accións concertadas coas comunidades e entidades galegas asentadas fóra de Galicia.
- Fortalecer a proxección exterior da economía, cultura e valores sociais do pobo galego no exterior, a través das comunidades e entidades galegas asentadas fóra de Galicia.




## 2.2. Áreas e liñas de actuación














**ÁREA DE ATENCIÓN AS COMUNIDADES E ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR**







**ÁREA DESENVOLVEMENTO NORMATIVO E APLICACIÓN DA LEI 7/2013, DO 13 DE XUÑO, DA GALEGUIDADE.**














**ÁREA DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO  
DAS COMUNIDADES GALEGAS NO  
EXTERIOR**


**LIÑA DE ACTUACIÓN 23:  
Catalogación do  
patrimonio galego no  
exterior**


**3 accións**


**LIÑA DE ACTUACIÓN 24:  
Plan de protección do  
patrimonio galego no exterior**

**2 accións**











## SEGUNDA PARTE: ÁREAS DE ACTUACIÓN





### 3. ÁREAS ESPECÍFICAS





### **3.1. Área de atención socioasistencial**



## Liña de actuación 1: axudas individuais

**Descrición:** Programa de axudas económicas individuais ao colectivo de emigrantes galegos

Liña de axudas económicas, directas, individuais e de carácter social, dirixidas a cidadáns galegos, emigrantes e a determinados familiares, residentes no estranxeiro, para paliar situacións de precariedade económica que permita satisfacer necesidades básicas. As especiais circunstancias sociopolíticas que están a pasar nalgúns dos países dende as últimas décadas do anterior século e nos que tradicionalmente se asentou a emigración galega, en particular América latina, están a xerar situacións graves de carencia e desprotección en amplos sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensibles a este tipo de situacións como o conformado por persoas maiores.

### Obxectivos específicos:

- Asegurar a cobertura das necesidades básicas de subsistencia dos colectivos de galegos máis vulnerables residentes no exterior.
- Paliar necesidades de atención sanitaria ou farmacéutica graves, a galegos sen recursos residentes en países nos que carezan de sistemas públicos de protección eficientes.





- Axudar a unidades familiares de orixe galega, asentadas no exterior, que carezan de recursos para manter un réxime de vida básico.

### **Accións:**

- 1.1. Axudas por atoparse a unidade familiar en situación de precariedade.
- 1.2. Axudas por situación de dependencia ou enfermidade grave do solicitante
- 1.3. Axudas por situación de dependencia ou enfermidade moi grave no seo da unidade familiar.
- 1.4. Axudas por invalidez ou enfermidade permanente.
- 1.5. Axudas para a cobertura de medicamentos e tratamentos de enfermidades crónicas ou graves cando teñan un custo elevado.
- 1.6. Axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero.
- 1.7. Axudas para paliar unha situación de desemprego na unidade económico familiar.



## Liña de actuación 2: axudas de emerxencia

**Descrición:** programa de axudas económicas para persoas galegas emigrantes e descendentes destas, que residan no exterior e que se atopen en risco grave de exclusión ou necesidade, para atender situacións sobrevidas de carácter extraordinario de emerxencia social, sanitaria ou asistencial que precisen dunha actuación urxente ou para os custos de viaxes que teñan que realizar, por razóns destas características, as persoas que poidan ter a condición de beneficiarios.

### Obxectivos específicos:

- Asegurar a asistencia a galegos residentes no exterior que por causas sobrevidas se atopen en grave risco de exclusión social.
- Axudar a paliar necesidades de unidades familiares que por causas naturais ou catastróficas perdesen ou tivesen graves danos nas súas vivendas habituais.
- Facilitar viaxes a galegos residentes no exterior que teñan que recibir atención médica especializada ou asistencial en lugares distintos á súa residencia habitual.



## Accións:

### 2.1. Axudas económicas por causas de emerxencia:

- Atoparse no exterior en situacións de marxinación social ou de tal grao de dependencia que non se poida valer por si mesmo e non ter cuberta a necesidade de atención por ningún medio.
- Situacións derivadas da perda, inadecuación ou dotación básica da vivenda habitual ou familiar e carecer de medios para paliar esta situación.
- Situacións derivadas de problemas perentorios referidos á alimentación, vestido, educación e outros de natureza análoga non cubertos polos diferentes sistemas de protección.
- Situacións derivadas de problemas sanitarios graves cuxo tratamento non estea debidamente cuberto ou con respecto dos cales, para a axuda de viaxes, a súa atención no Estado español, tanto nun centro incluído na rede sanitaria pública como nun centro privado, supoña unha vantaxe significativa. Nestes casos deberá ser acreditado previamente pola persoa solicitante da axuda que ten cuberta a correspondente prestación sanitaria.
- Situacións sobrevidas causadas por graves catástrofes naturais ou outras causas que provoquen a perda ou grave deterioración da vivenda habitual e do enxoval.



- Aqueloutras situacións de carácter social, asistencial ou humanitario que deriven na necesidade dunha intervención urxente.

**2.2.** Sufragar custos de viaxe por causas de emerxencia, para atender algunha das seguintes causas:

- Viaxes para recibir asistencia sanitaria ou asistencial en lugares distintos aos de residencia habitual.
- Viaxes para cambio de residencia habitual por causas graves de carencia de recursos.
- Viaxes para familiares de emigrantes galegos residentes no exterior que se atropen sós e en situación de gravidade.



---

### Liña de actuación 3: fortalecemento dos vínculos de unión con Galicia

**Descrición:** o sentimento de afastamento da terra e da súa orixe maniféstase como unha grave carencia de moitos maiores que por diferentes causas non puideron volver a Galicia dende que marcharon á emigración. Esta realidade e o descoñecemento da realidade da Galicia actual fai que moitos deles padezan importantes sentimentos de soidade e aínda de orfandade ao chegar aos seus últimos anos. Con esta acción preténdese paliar estes efectos neste colectivo.

#### Obxectivos específicos:

- Fortalecer vínculos con Galicia dos emigrantes maiores que non puideron volver aos seus lugares de orixe.
- Satisfacer carencias afectivas producidas en persoas maiores pola longa separación dos núcleos familiares de orixe.
- Facilitar o coñecemento da Galicia actual nas sociedades de acollida dos emigrantes en contraposición da que deu lugar á necesidade de emigrar.

#### Accións:



- 
- 3.1.** Axudas para posibilitar a viaxe a Galicia de emigrantes maiores e aos seus cónxuxes ou parellas de feito, para convivir no seo da súas familias de orixe. Programa Reencontros na Casa.
  
  - 3.2.** Axudas para posibilitar a volta a Galicia de emigrantes maiores que, por carecer de medios, non teñan retornado dende hai moito tempo, facilitando a súa estancia nunha residencia de tempo libre e a posibilidade de convivir coas súas familias de orixe ata tres meses. Programa Reencontros na Terra.



---

## Liña de actuación 4: apoio ao labor socioasistencial realizado polas comunidades galegas do exterior

**Descrición:** tradicionalmente a sociedade galega ausente, conformada pola emigración e asentada nos diferentes países de acollida, promoveu e financiou importantes institucións e obras dirixidas a lles dar protección a aqueles compatriotas que por carecer de medios, se atoparon en situación de necesidade ou marxinação. A creación dun gran número de hospitais, residencias de anciáns, casas de acollida ou máis recentemente a posta en marcha de centros de día dirixidos a atender aos maiores, a través dos que se desenvolveu e se desenvolve un enorme labor beneficente e solidaria que mostra un dos trazos máis elevados do carácter do pobo de Galicia. A través desta acción preténdese axudar a estas institucións a continuar coa súa tarefa en prol dos galegos residentes no exterior máis necesitados, xa que pola súa proximidade a estes e polo coñecemento da realidade que se vive nos diferentes países de asentamento, son os mellores colaboradores co Goberno de Galicia para asegurar a obrigada protección dos galegos estean onde estean.

### Obxectivos específicos:

- Asegurar a continuidade do labor de protección dos galegos desprotexidos desenvolvido polas entidades galegas do exterior.
- Axudar a manter as dotacións e infraestruturas das entidades galegas do exterior e a mellora e adecuación destas para un mellor desenvolvemento das súas funcións.



- Promover a asistencia e protección dos galegos residentes no exterior que, por careceren de recursos, se encontran en grave situación de necesidade ou de exclusión social.

### **Accións:**

- 4.1** Promover acordos de colaboración coas entidades galegas do exterior para a atención de colectivos de galegos da súa área de influencia que precisen atención social ou sanitaria.
- 4.2** Promover acordos de colaboración coas entidades galegas do exterior para a posta en marcha de centros de día ou residencias de anciáns que poidan suplir carencias familiares ou sociais entre o colectivo de maiores en países con deficientes sistemas públicos de protección.
- 4.3** Efectuar convenios de colaboración con entidades galegas do exterior para a mellora de infraestruturas ou dotación de equipamentos destinados a prestar servizos asistenciais á comunidade galega residente no exterior.





---

## Liña de actuación 5: Oficina de Información da Emigración

**Descrición:** todo proceso, tanto de emigración como de retorno, pode ir acompañado de situacións de desinformación ou desorientación que poden dificultar a consecución do obxectivo final que se persegue cando se adopta a decisión de emigrar ou retornar. A oficina de información da emigración créase para dar resposta e proporcionar a cobertura informativa, orientativa e de asesoramento a todas as demandas, necesidades e dúbidas que poida presentar a emigración galega. As posibles demandas varían de xeito individual para cada un dos emigrantes galegos, polo que é necesario prestarlles o apoio necesario en función das súas circunstancias persoais.

Unha información axeitada e o máis completa posible configurarse como unha das ferramentas fundamentais para paliar as incertezas ou a desinformación que nos pode acompañar cando iniciamos un proceso de emigración ou retorno e evitar, así, posibles situación de desamparo que dificultarían a incorporación social e laboral dos emigrantes na súa sociedade

### Obxectivos específicos:

- Unificar toda a información dispoñible tanto no ámbito autonómico, local, nacional ou supranacional e facilitar o acceso dos emigrantes dun xeito directo e personalizado á devandita información.



- Informar dos recursos públicos e privados existentes e o de prestar as tarefas de información e asesoramento en distintos ámbitos e aspectos como o administrativo, sanitario, social, educación, vivenda, emprego, formación etc, que poidan afectarlles no seu proceso de emigración ou retorno.

### **Accións:**

**5.1.** Creación da oficina.

**5.2.** Formación do persoal.

**5.3.** Proporcionar información e asesoramento



### **3.2. Área de atención sociocultural**



## Liña de actuación 6: fomento dos vínculos culturais entre a Galicia exterior e a territorial

**Descrición:** o labor continuo de divulgación e desenvolvemento nos eidos da fala ou da cultura popular que se realiza no seo das distintas comunidades galegas nos países ou áreas de asentamento son unha das facetas que definen a singularidade destas entidades, dos seus socios e da súa pertenza a unha cultura. Son ademais unha das ferramentas coa que se introduce as segundas ou terceiras xeracións de galegos que naceron fóra de Galicia no coñecemento e gozo dunha realidade cultural propia como beneficiarios lexítimos dunha herdanza compartida por todo o pobo de Galicia.

### Obxectivos específicos:

- Mantemento dos lazos sociais e culturais da colectividade galega residente no exterior coa Galicia territorial.
- Fomento entre as novas xeracións da fala, tradicións e cultura galega nas súas diferentes manifestacións.
- Posibilitar o gozo da cultura propia e o compartir os movementos culturais da Galicia territorial cos galegos alá onde residan.



## Accións:

### 6.1. Escolas Abertas

Realización en Galicia de cursos de especialización dirixidos aos profesores ou profesionais que dirixen escolas ou talleres de cultura galega nas entidades galegas do exterior para socios ou cidadáns galegos residentes na súas áreas de influencia nas seguintes modalidades .

- Gaita tradicional galega
- Baile tradicional galego
- Percusión tradicional galega
- Canto popular e pandeireta
- Confección de traxe tradicional galego

### 6.2. Obradoiros. Fomento de actividades de carácter cultural e formativo que persigan coñecer e gozar da cultura galega no seo das comunidades galegas.

Realización de obradoiros de fala, cultura, folclore ou gastronomía nas sedes das comunidades galegas do exterior dirixidos aos socios galegos e descendentes destes, así como a aquelas persoas interesadas no feito cultural de Galicia nas seguintes modalidades.

- Baile tradicional.
- Gaita.
- Percusión.



- Pandeireta e canto.
- Encaixe de palillos.
- Talleres artesáns e de confección de traxes tradicionais
- Cociña galega.
- Seminarios de cultura galega.
- 

**6.3.** Xornadas de especialización.

- Concentracións de especialización dirixidos a especialistas e virtuosos en diferentes especialidades do folclore galego que traballan en áreas nas que existan grupos de folclore destacados, impartidos por grandes profesionais que residen e traballan na Galicia territorial.

**6.4.** Accións de difusión do patrimonio cultural galego e da actualidade dos movementos culturais en Galicia, a través de actividades, exposicións, concertos ou ciclos de conferencias desenvolvidas nas entidades galegas no exterior.

**6.5.** Accións formativas ou cursos de lingua e cultura galegas dirixidas tanto a estudantes preuniversitarios como universitarios en centros situados no exterior.



---

## Liña de actuación 7: biblioteca electrónica da galeguidade

**Descrición:** Se algo caracterizou a emigración galega, fundamentalmente no ciclo migratorio americano, foi a súa activa implicación no mantemento da produción cultural galega e na nosa lingua.

O noso Estatuto de autonomía, no seu artigo 7, recoñece o dereito das comunidades galegas a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, no seu artigo 23, sinala o dereito das comunidades galegas no exterior á “súa participación no coñecemento e no estudo da realidade cultural do pobo galego”.

Co obxecto de ampliar as posibilidades de acceso das comunidades galegas e dos galegos residentes no estranxeiro aos recursos bibliográficos de Galicia a través da páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com), a Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá diversas actuacións para xerar un catálogo de obras –de diversa temática– en lingua galega que poderán ser consultadas, lidas, descargadas ou impresas de forma libre.



### **Obxectivos específicos:**

- Facer da biblioteca da galegüidade una referencia bibliográfica permanente para a Galicia do exterior.
- Promover a especialización desta biblioteca en temas relacionados coa emigración galega e coa cidadanía galega no exterior.
- Poñer á disposición de todos os galegos as principais obras do pensamento e da literatura galega.

### **Accións:**

- 7.1.** Integrar anualmente 50 obras de autores galegos na biblioteca da galegüidade.
- 7.2.** Promover acordos con outras bibliotecas electrónicas galegas para a publicación de obras na biblioteca da galegüidade.
- 7.3.** Promover a realización de estudos en materia de emigración e cidadanía galega no exterior que se porán á disposición do público a través da biblioteca da galegüidade.





**3.3. Área de atención as comunidades e entidades galegas no exterior**



**Liña de actuación 8:            apoio á conservación, ampliación ou mellora do patrimonio das comunidades galegas do exterior para o cumprimento dos seus fins sociais**

**Descrición:** o gran patrimonio que levantou á súa custa e posúe a colectividade galega asentada fóra de Galicia vén desenvolvendo tradicionalmente, entre os galegos residentes no exterior, as funcións que en moitos dos casos desenvolven as institucións públicas na Galicia territorial. A axuda necesaria por parte da Administración pública para a súa conservación e funcionamento é unha das tarefas que debe facerse para compensar a actuación substitutoria que cumpren estas entidades nas súas de influencia.

**Obxectivos específicos:**

- Mellora das dotacións das comunidades galegas para a ampliación dos servizos, principalmente os de carácter social e cultural, ao colectivo de galegos asociados e da súa contorna.
- Recuperación, restauración e conservación do patrimonio das entidades galegas, principalmente o cultural, e a súa posta á disposición da sociedade galega.



---

## Accións:

- 8.1.** Programas de axudas destinadas a financiar á ampliación, reforma, rehabilitación e conservación de instalacións e/ou patrimonio cultural propiedade das comunidades galegas do exterior, para a mellora de dotacións e equipamentos de carácter inventariable das entidades galegas no exterior.
  
- 8.2.** Axudas para investimentos dirixidos a accións de catalogación, restauración e inventariado de fondos artísticos, bibliográficos ou documentais titularidade das entidades galegas do exterior.
  
- 8.3.** Axudas para a mellora de dotacións e equipamentos de carácter inventariable destinados ao cumprimento das funcións sociais propias das comunidades galegas do exterior.



## **Liña de actuación 9: fomento da acción e programas de actuación das entidades galegas en favor do desenvolvemento de Galicia e dos galegos residentes no exterior**

**Descrición:** as entidades galegas acollen e son a canle a través da cal os galegos que residen no exterior desenvolven os seus sentimentos de pertenza a unha terra e a unha cultura e satisfán moitas das necesidades que polo seu afastamento dela non poden satisfacer individualmente. O apoiarse, contribuír e colaborar con elas para que estas entidades desenvolvan e melloren os seus programas de actuación nos distintos eidos de intervención para os que foron creadas, como unha extensión da propia Administración galega, debe ser unha acción principal do Goberno de Galicia.

### **Obxectivos específicos:**

- Fomentar as actividades en áreas formativas, culturais, de xuventude, para a mellora da vida dos galegos residentes no exterior.
- Preservar e contribuír ao bo funcionamento e modernización da xestión destas entidades.
- Contribuír coa participación da xuventude nas tarefas de xestión das entidades galegas.



- Afondar no labor de difusión que as entidades galegas do exterior realizan sobre a cultura, fala, turismo e realidade socioeconómica da Galicia actual nos territorios onde se asentan.

### **Accións:**

- 9.1.** Programa de axudas destinadas a contribuír con gastos de funcionamento ordinario das institucións, destinados á modernización e mellora da súa xestión.
- 9.2.** Programa para contribuír co financiamento de programas ou proxectos culturais, ou de actividades promovidos pola mocidade.
- 9.3.** Programas de axudas destinadas á realización de actividades de carácter social, cultural ou para accións informativas promovidas polas entidades galegas do exterior.
- 9.4.** Fomento e apoio do desenvolvemento de accións de especial relevancia promovidas por comunidades galegas que teñan como obxectivo a promoción turística, social ou económica de Galicia ou da propia entidade.



### **3.4. Área de desenvolvemento normativo e aplicación da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade**



---

**Liña de actuación 10:**            **desenvolvemento do Decreto polo que se regula o recoñecemento e revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade, o Rexistro da Galeguidade e o seu funcionamento**

**Descrición:** proxecto de Decreto polo que se regula o recoñecemento e revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade, o Rexistro da Galeguidade e o seu funcionamento.

**Obxectivos específicos:**

- O decreto ten por obxecto o desenvolvemento parcial da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, no relativo ao procedemento e requisitos para o recoñecemento das comunidades galegas e dos centros colaboradores da galeguidade, ao procedemento para a revogación do dito recoñecemento, ás funcións e organización do Rexistro da Galeguidade e á inscrición das entidade galegas asentadas fóra de Galicia.

**Accións:**



### **10.1. Fase inicial:**

- 10.1.1. Elaboración do anteproxecto: maio-xullo 2013
- 10.1.2. Sometemento do anteproxecto á Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas: 24/07/2013
- 10.1.3. Petición de achegas ás comunidades galegas asentadas fora de Galicia: 8 de agosto a 15 de setembro de 2013.
- 10.1.4. Incorporación ao anteproxecto das achegas. 1ª quincena outubro 2013.
- 10.1.5. Informe Servizo Apoio Técnico da Secretaría Xeral da Presidencia: 24/10/2013
- 10.1.6. Aprobación do proxecto 28/10/2013
- 10.1.7. Publicación do proxecto na páxina web: 30/10/2013

### **10.2. Fase intermedia:**

- 10.2.1. Petición informes preceptivos:
  - Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos: 28/10/2013
  - Secretaría xeral da Igualdade: 28/10/2013
  - Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa: 31/10/2013
- 10.2.2. Recepción informes preceptivos e adaptacións do texto ás observacións destes: 29/11/2013

### **10.3. Fase final:**

- 10.3.1. Petición informe Asesoría Xurídica Xeral: 04/12/2013





- 
- 10.3.2. Recepción do informe da Asesoría Xurídica Xeral: 12/02/2014
  - 10.3.3. Adaptacións do texto ás observacións da Asesoría Xurídica Xeral: 18/02/2014
  - 10.3.4. Informe da Secretaría Xeral da Presidencia: 19/02/2014
  - 10.3.5. Aprobación do proxecto polo Consello da Xunta: 27/02/2014
  - 10.3.6. Sometemento ao ditame do Consello Consultivo: 06/03/2014
  - 10.3.7. Aprobación do decreto polo Consello da Xunta: Maio/2014
  - 10.3.8. Publicación no *Diario Oficial de Galicia*: do maio - xuño 2014



## **Liña de actuación 11: desenvolvemento do Decreto regulador dos órganos de representación da galeguidade**

**Descrición:** Decreto polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas

### **Obxectivos específicos:**

- O decreto ten por obxecto a aprobación do Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.

### **Accións:**

#### **11.1. Fase inicial:**

- 11.1.1. Elaboración do anteproxecto: outubro-novembro 2013
- 11.1.2. Sometemento do anteproxecto á Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas: xuño 2014
- 11.1.3. Petición de achegas ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia: xullo-setembro 2014.
- 11.1.4. Incorporación ao anteproxecto das achegas: outubro 2014.
- 11.1.5. Informe Servizo Apoio Técnico da Secretaría Xeral da Presidencia: outubro 2014



11.1.6. Aprobación do proxecto: outubro 2014

11.1.7. Publicación do proxecto na páxina web: outubro 2014

## **11.2. Fase intermedia:**

11.2.1. Petición informes preceptivos: novembro 2014

## **12.1. Fase final:**

11.3.1. Petición informe Asesoría Xurídica Xeral: decembro 2014

11.3.2. Recepción do informe da Asesoría Xurídica Xeral: xaneiro 2015

11.3.3. Adaptacións do texto ás observacións da Asesoría Xurídica Xeral: xaneiro 2015

11.3.4. Informe da Secretaría Xeral da Presidencia: xaneiro 2015

11.3.5. Aprobación do proxecto polo Consello da Xunta: febreiro 2015

11.3.6. Sometemento ao ditame do Consello Consultivo: febreiro 2015

11.3.7. Aprobación do decreto polo Consello da Xunta: maio 2015

11.3.8. Publicación no *Diario Oficial de Galicia*: maio 2015



## **Liña de actuación 12: desenvolvemento do Decreto regulador do alcance dos dereitos das comunidades galegas**

**Descrición:** Decreto polo que se aproba o regulamento de alcance dos dereitos recoñecidos na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade

### **Obxectivos específicos:**

- O decreto ten por obxecto concretar e delimitar o alcance do exercicio dos dereitos que, nas ordes social, cultural e económica, implica o recoñecemento da galeguidade.

### **Accións:**

#### **12.1. Fase inicial:**

- 12.1.1. Elaboración do anteproxecto: 2014
- 12.1.2. Sometemento do anteproxecto á Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas: 2015
- 12.1.3. Sometemento do anteproxecto ao XI Consello de Comunidades Galegas. 2015
- 12.1.4. Petición de achegas ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia: 2015.



- 12.1.5. Incorporación ao anteproxecto das achegas: 2015
- 12.1.6. Informe Servizo Apoio Técnico da Secretaría Xeral da Presidencia: 2015
- 12.1.7. Aprobación do proxecto: 2015
- 12.1.8. Publicación do proxecto na páxina web: 2015

## **12.2. Fase intermedia:**

- 12.2.1. Petición informes preceptivos: 2015

## **12.3. Fase final:**

- 12.3.1. Petición informe Asesoría Xurídica Xeral: 2015
- 12.3.2. Recepción do informe da Asesoría Xurídica Xeral: 2016
- 12.3.3. Adaptacións do texto ás observacións da Asesoría Xurídica Xeral: 2016
- 12.3.4. Informe da Secretaría Xeral da Presidencia: 2016
- 12.3.5. Aprobación do proxecto polo Consello da Xunta: 2016
- 12.3.6. Sometemento ao ditame do Consello Consultivo: 2016
- 12.3.7. Aprobación do decreto polo Consello da Xunta: 2016
- 12.3.8. Publicación no *Diario Oficial de Galicia*: maio 2016



---

**Liña de actuación 13:**        **Plan de comunicación as comunidades e entidades galegas sobre a nova normativa da galeguidade**

**Descrición:** difundir entre as comunidades, e entre as e os seus membros, a normativa matriz e derivada da Lei de galeguidade.

**Obxectivos específicos:**

- Dotar as comunidades das ferramentas necesarias para a recepción e difusión da normativización da galeguidade, tanto no seu devir histórico como na actualidade.
- Axudar a difundir esa información entre as e os asociados das comunidades, a través de instrumentos específicos para a súa comunicación

**Accións:**



- 
- 13.1.** Edición e distribución entre as comunidades galegas, fisicamente e/ou en liña, dun manual informativo sobre a lexislación relacionada coa galeguidade, cunha análise de fondo sobre a lei que a regula, para un maior e mellor coñecemento dos membros das directivas destas.
- 13.2.** Edición e distribución entre as comunidades galegas, fisicamente e/ou en liña, dun resumo executivo informativo sobre os principais aspectos que regula esta lei, e a súa repercusión no tecido asociativo da diáspora, coa finalidade de espallar esta información entre todas as persoas socias interesadas.
- 13.3.** Edición e distribución entre as comunidades galegas, fisicamente e/ou en liña, dun decálogo de consellos para a adaptación dos estatutos das entidades á normativa matriz e derivada da Lei de galeguidade.



### **3.5. Área de desenvolvemento dos procesos de unión no ámbito da galeguidade**





---

## Liña de actuación 14: Plan de seguimento e acompañamento nos procesos de unión no ámbito da galeguidade

**Descrición:** os procesos de unión, no ámbito da galeguidade comezáronse a desenvolver, a partir de xaneiro do ano 2013. Afectan a aquelas comunidades e entidades galegas enclavadas nun espazo territorial equivalente ao municipio.

A principios do ano 2014 entidades galegas dos seguintes países e comunidades autónomas estaban inmersas en procesos de unión das súas entidades.

- Cataluña.
- Alemaña.
- Cuba.
- O Uruguai.
- A Arxentina.
- Venezuela.

### Obxectivos específicos:

- Acompañar as comunidades e entidades galegas, colaborando e facilitando os seus procesos de unión.



- Detectar, de forma temperá, posibles problemas que afecten os seus procesos de unión.
  
- Colaborar coas comunidades e entidades galegas en proceso de unión, a favor dun cambio na cultura de organización destas entidades que favorezan o cumprimento dos obxectivos marcados polos consellos de comunidades galegas e do sinalado na normativa legal que afecta a galeguidade:
  - Mellora da calidade de servizos que estas entidades lle prestan á sociedade galega residente na súa localidade.
  - Autosostibilidade.
  - Converter as comunidades galegas en verdadeiros embaixadores de Galicia no exterior e en plataformas da internacionalización de Galicia.
  - Renovación xeracional dos cadros directivos das entidades.
  - Integración da xuventude e da muller nas comunidades galegas.

### **Accións:**

**14.1.** Promover os procesos de unión naquelas entidades que aínda non abarcaron este proceso de forma decidida.

**14.2.** Facilitar os recursos necesarios e o asesoramento para os aspectos legais que afecten as sociedades en proceso de unión. Abrir unha liña de axuda económica para os custos derivados do proceso de unión e legalización da entidade resultante.



**14.3.** Fomentar o cambio cultural nas entidades en proceso de unión que facilite alcanzar os obxectivos sinalados na Lei da galeguidade.

Crearase un observatorio para os procesos de unión no ámbito da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.



## **Liña de actuación 15: xornadas de impulso dos procesos de unión no ámbito da galeguidade**

**Descrición:** a unión das comunidades e entidades galegas no exterior é unha vella aspiración da galeguidade para garantir unha maior representación destas entidades no conxunto da cidadanía galega residente no exterior e para mellorar a calidade e cantidade dos servizos que estas sociedades lles prestan aos seus asociados e ao conxunto de galegos residentes nas áreas nas que estas entidades están enclavadas.

Os procesos de unión supoñen un cambio cultural da galeguidade nos países cun amplo número de entidades compartindo o mesmo territorio e que proceden do fenómeno da creación de sociedades microterritoriais nos séculos XIX e XX. Estes procesos necesitan un profundo debate e revisión das características, alcance, estruturas e obxectivos das nosas comunidades no exterior. A Lei 7/2013, da galeguidade, ampliou o alcance dos dereitos das comunidades galegas no exterior fixando unha relación anovada entre a Galicia interior e a exterior, entre a Administración de Galicia e as sociedades que representan a unha boa parte dos nosos cidadáns residentes no estranxeiro.

Esta relación con obxectivos anovados necesita este cambio cultural nas entidades galegas que permita a ampliación da base societaria, a integración de novos obxectivos de traballo, mellorar a calidade dos servizos que estas comunidades prestan e renovar substancialmente as súas directivas.

A unión de entidades galegas é un proceso voluntario por parte das comunidades e entidades galegas no exterior e debe ser froito dun proceso de reflexión e debate interno e de diálogo coas institucións e Administración de Galicia.



## Obxectivos específicos:

- Fomentar o diálogo entre a Administración galega e as institucións da nosa comunidade coas comunidades e entidades galegas no exterior en áreas onde sexa necesario emprender procesos de unión.
- Favorecer a superación das dificultades que xurdan entre as comunidades e entidades galegas, para axudar a facilitar o cambio cultural que, sen esquecer o legado histórico das comunidades galegas, as poña no camiño da modernidade.
- Recoller as experiencias xeradas neste proceso, xa en desenvolvemento en diversas áreas xeográficas, para mellorar a coordinación de accións entre os poderes públicos de Galicia e as propias entidades galegas.

## Accións:

**15.1.** Realización dunha xornada anual, en cada área xeográfica, afectada por un ou varios procesos de unión, co obxectivo de mellorar as accións encamiñadas a culminar o proceso, analizar as dificultades e desenvolver estratexias de cambio cultural nas organizacións afectadas. As áreas nas que se realizarínn estas xornadas, durante a vixencia deste plan estratéxico, serán:

- Barcelona.
- A Habana.



- Bos Aires.
- Montevideo.
- Caracas.

**15.2.** Como resultado destas xornadas, elaborárase unha memoria de cada xornada que será considerada documento base para a elaboración de estratexias de apoio aos procesos de unión. As ditas memorias estarán á disposición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e formarán parte da documentación para debater no próximo XI Consello de Comunidades Galegas no Exterior.



### **3.6. Área de muller e xuventude**



## **Liña de actuación 16: realización de congresos da muller no ámbito da galeguidade**

**Descrición:** unha reivindicación histórica no ámbito da galeguidade é o recoñecemento e valoración do papel da muller na emigración galega e a necesidade de fomentar un cambio cultural no ámbito das sociedades galegas que promova e asente a coparticipación plena da muller na sociedade galega residente no exterior.

É un deber e un imperativo legal da sociedade galega no seu conxunto e dos seus poderes públicos garantir a plena participación das mulleres nos ámbitos de traballo e de responsabilidade da galeguidade.

Na Lei 7/2013, da galeguidade sinálase:

Art. 7 (Fins) l). l) Promover a participación efectiva da muller na vida asociativa das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, e especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección.

Art. 8 (Requisitos) f) Que a súa estrutura, organización e funcionamento internos se rexan de acordo con principios democráticos, recoñecendo a participación dos asociados e das asociadas na toma de decisións e nos órganos de representación da entidade.

Artigo 26. Actuacións no ámbito da igualdade de xénero. A comunidade autónoma promoverá a igualdade entre as mulleres e os homes galegos residentes no exterior e determinará as medidas de apoio ás comunidades galegas e aos centros colaboradores da galeguidade para este fin.





### Obxectivos específicos:

- Promover, dende a Secretaría Xeral da Emigración e, en coordinación coas comunidades e entidades galegas no exterior, a realización de congresos nas principais áreas xeográficas de residencia de galegos no exterior, que analicen a situación e perspectivas da muller galega emigrante e/ou residente no exterior.
- Utilizar as conclusións destes congresos como documento base para a toma de decisións en materia de aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galeguidade.

### Accións:

**16.1.** Realización dun congreso de mulleres no ámbito da galeguidade nunha das tres grandes áreas de residencia dos galegos no exterior:

- América.
- Europa.
- España.

**16.2.** Edición das memorias e conclusións destes congresos para a súa posta á disposición das comunidades e entidades galegas no exterior.



- 16.3.** Análise na reunión anual da Comisión Delegada das memorias e conclusións dos congresos e elaboración de recomendacións aos poderes públicos galegos e ás comunidades e entidades galegas para mellorar as políticas de igualdade da muller no ámbito da galeguidade.



---

**Liña de actuación 17:** realización de seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas

**Descrición:** as políticas de igualdade son responsabilidade dos homes e das mulleres que traballan no ámbito da galeguidade. Debater no ámbito da galeguidade a necesidade de implementar medidas que conduzan a igualar cuantitativa e cualitativamente a participación de homes e mulleres nas sociedades galegas no exterior e na súa dirección e fixar follas de ruta pactadas para alcanzar este obxectivo é unha tarefa estratéxica dos poderes públicos de Galicia.

A Administración galega debe comprometerse con esta tarefa, promovendo as políticas de igualdade e colaborando coas mulleres galegas do exterior neste cambio cultural da galeguidade, a través da posta á disposición de recursos formativos e ferramentas de traballo que melloren a súa cualificación para traballar e dirixir, en pé de igualdade cos homes, as sociedades galegas do espazo da galeguidade.

**Obxectivos específicos:**

- Dotar as mulleres galegas do exterior, que o precisen, das ferramentas e coñecementos necesarios para alcanzar unha participación igualitaria, a todos os niveis, nas sociedades galegas do exterior, contando con recursos formativos e ferramentas de traballo que posibiliten o seu acceso a unha participación igualitaria nas actividades e toma de decisións das sociedades galegas do exterior.



## Accións:

- 17.1.** Realizar, en coordinación e colaboración coas comunidades e entidades galegas do exterior, seminarios de debate sobre a participación da muller no ámbito da galeguidade. Os ditos seminarios deberían marcar novas políticas de gobernanza das comunidades galegas e follas de ruta tendentes a garantir a plena e igual participación da muller na galeguidade.
- 17.2.** Crear, no seo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, un grupo de traballo específico sobre a participación da muller no ámbito da galeguidade, que elabore recomendacións aos poderes públicos de Galicia sobre a mellora da participación igualitaria da muller no ámbito da galeguidade.
- 17.3.** Propoñerlle á Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a coordinación dun grupo de traballo entre membros desta comisión e representantes das comunidades galegas e especialistas na área de igualdade para programar estes seminarios de estudo e elevar aos poderes públicos as súas conclusións e recomendacións.
- 17.4.** Debater, no seo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, a necesidade de xerar, no Plenario do XI Consello de Comunidades Galegas dun relatorio específico sobre políticas de igualdade no ámbito da galeguidade.



---

**Liña de actuación 18:** mellora do coñecemento de Galicia e fortalecemento dos vínculos con ela das xeracións de mozos/as galegos residentes no exterior

**Descrición:** as xeracións conformadas por fillos ou netos de galegos que naceron no exterior e que na maioría dos casos gozan da condición política de galegos precisan dun contacto e coñecemento dunha realidade que, na maioría das veces, coñecen polos seus predecesores e que en moitas ocasións ven distorsionada polas propias vivencias persoais, polo longo tempo de ausencia ou polo descoñecemento da realidade social que vive a Galicia actual. É imprescindible o posibilitar que estas novas xeracións de galegos coñezan esta realidade e que contribúan á mellora do seu desenvolvemento.

**Obxectivos específicos:**

- Fortalecer os vínculos de unión e pertenza a Galicia da xuventude residente no exterior.
- Implicar a xuventude residente no exterior no desenvolvemento da Galicia territorial.
- Posibilitar o contacto cos núcleos familiares de orixe e a terra dos seu antecesoires.
- Facilitarlle o coñecemento de Galicia, a súa historia e o seu patrimonio á xuventude galega residente no exterior.



## Accións:

- 18.1** Desenvolvemento de programas de actividades dirixidos á mocidade galega residentes no exterior que contribúan ao coñecemento do territorio e patrimonio da Galicia interior, singularmente os vinculados cos percorridos dos Camiños de Santiago, facilitando o coñecemento e intercambio coa xuventude residente na Galicia territorial e a convivencia cos núcleos familiares de orixe.
- 18.2** Desenvolvemento de programas de actividades dirixidos á mocidade residente no exterior que contribúan ao coñecemento do medio mariño e á importancia que ten na historia e futuro de Galicia, así como facilitar o intercambio coa xuventude residente na Galicia territorial e a convivencia cos núcleos familiares de orixe.
- 18.3** Organización de programas de campos de traballo, procurando a convivencia de mozos/as residentes dentro e fóra de Galicia, destinados ao coñecemento da súa realidade, dos seus sectores de desenvolvemento e da importancia que ten para ela a incorporación da xuventude nos seus órganos directivos das comunidades do exterior.



---

## **Liña de actuación 19:       congresos da xuventude galega no exterior**

**Descrición:** dende o ano 2010 véñense desenvolvendo accións encamiñadas a fomentar a participación da xuventude galega no exterior no espazo da galeguidade.

Unha das realidades máis inquietantes da galeguidade na actualidade é o envellecemento da masa societaria e das directivas das comunidades e entidades galegas no exterior. Se este proceso non reverte, en moitos casos e en moitos lugares, a galeguidade ten data de finalización.

Incentivar a participación dos mozos e mozas galegos nas comunidades e entidades galegas do exterior pasa por realizar un cambio cultural nas sociedades galegas que xere un espazo de actividade no que a xuventude galega poida desenvolver as súas inxerencias, participe nas actividades que lle sexan máis atractivas e se sintan parte activa e integrada, recoñecida e respectada polo resto de socios.

Os mozos e mozas galegos deben ser parte tamén na toma de decisións e na dirección das entidades, fomentando unha coparticipación na gobernanza da galeguidade e na necesaria actualización das sociedades galegas para que estas dean resposta ás necesidades da galeguidade no século XXI.

### **Obxectivos específicos:**



- Xerar un espazo de debate interxeracional sobre a participación da xuventude galega residente no exterior na galeguidade.
  
- Debater nos espazos de representación da galeguidade as conclusións destes congresos e elaborar recomendacións para abrir a galeguidade á participación dos mozos e mozas galegos residentes no exterior.

### **Accións:**

**19.1.** Realizar, nos próximos tres anos, polo menos un Congreso da Xuventude Galega no Exterior nas principais áreas de residencia dos mozos e mozas galegos no exterior:

- América.
- Europa.
- España.

**19.2.** Publicar as conclusións destes congresos e elevalas á Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas que, tras o seu estudo e debate, redactará recomendacións aos poderes públicos de Galicia e ás comunidades e entidades galegas para fomentar e incentivar a participación da xuventude no ámbito da galeguidade.





---

**Liña de actuación 20: seminarios de mellora e capacitación das habilidades directivas para mozos e mozas galegos no exterior**

**Descrición:** A Lei 7/2013, da galeguidade sinala:

Artigo 7. Fins

k) Promover que a xuventude galega no exterior participe naqueles programas ou accións que teñan como finalidade impulsar a participación da mocidade na sociedade, promover valores solidarios e de respecto á diversidade, mellorar a formación e o acceso á información, potenciar as canles de acceso ao mercado de traballo ou calquera outro recollido nos fins das comunidades galegas ou centros colaboradores. O Goberno galego velará, especialmente, pola incorporación dos descendentes da cidadanía galega no exterior á cultura, á lingua e á sociedade galega, prestando apoio ás súas organizacións e fomentando a súa participación activa nos órganos de representación da colectividade galega, promovendo a necesaria renovación dos órganos de dirección das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

**Obxectivos específicos:**

- Dotar os mozos e mozas galegos no exterior das competencias e habilidades necesarias para poder desenvolver postos de responsabilidade nas directivas das entidades galegas no exterior.



- Facilitarlles aos mozos e mozas galegos no exterior materiais e formación para o coñecemento da realidade cultural, social e económica sobre Galicia e o seu pobo.
- Fomentar nas comunidades e entidades galegas no exterior o cambio de cultura na súas organizacións para que estas integren de forma efectiva a xuventude galega no exterior tanto nas actividades desenvolvidas como na dirección das propias sociedades.

### **Accións:**

- 20.1.** Realizar cursos e seminarios de formación para mozos e mozas galegos no exterior, co obxecto de mellorar as capacidades directivas e de liderado destes con vistas á súa integración nas áreas de responsabilidade da galeguidade.
- 20.2.** Orientar espazos dentro da páxina web [www.galiciaberta.com](http://www.galiciaberta.com), para xerar contidos e materiais formativos para mozos e mozas galegos no exterior que faciliten a súa integración nas sociedades galegas.
- 20.3.** Concienciar as comunidades e entidades galegas no exterior sobre a necesidade de integrar a xuventude na súa vida cotiá, así como a necesidade de formar e capacitar os mozos e mozas galegos co obxecto de renovar, de forma natural, estas sociedades.





### **3.7. Área de espazos de representación da Galicia exterior**



---

## Liña de actuación 21: O Consello de Comunidades Galegas

**Descrición:** Tal e como sinala a Lei 7/2013, da galeguidade:

Artigo 35. Natureza xurídica

1. O Consello de Comunidades Galegas é o órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.
2. O consello terá carácter deliberante e exercerá funcións consultivas e de asesoramento á Administración autonómica para os efectos de cumprir os fins desta lei.

### **Obxectivos específicos:**

- Ampliar a capacidade de presentación de relatorios e propostas por parte das comunidades galegas nos consellos de comunidades galegas.
- Manter unha canle estable e periódica de comunicación entre a Secretaría Xeral da Emigración e as comunidades galegas no exterior, usando os recursos tecnolóxicos existentes na Administración galega.



## Accións:

- 21.1.** A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas fixará os temas dos relatorios e comunicacións que poderán presentar as comunidades galegas.
  
- 21.2.** A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas poderá solicitar a institucións e organismos galegos a presentación de relatorios ou comunicacións sobre aspectos específicos da emigración galega e/ou da cidadanía galega residente no exterior.



---

## Liña de actuación 22: A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas

**Descrición:** a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas é o órgano permanente de representación do Consello de Comunidades Galegas tal e como se establece na Lei 7/2013, da galeguidade.

Este órgano é a canle fundamental de coordinación informativa e de canalización de propostas xerais no ámbito da galeguidade e, por isto, na Lei da galeguidade amplíanse as súas funcións e dáse unha maior relevancia aos informes que se elaboren dende este órgano.

É esencial garantir un contacto directo entre os membros da Comisión Delegada coas comunidades e entidades galegas da súa área de representación que facilite que as propostas estratéxicas da galeguidade no exterior poidan ser estudadas e debatidas nas sesións desta comisión.

### Obxectivos específicos:

- Garantir as necesarias canles de comunicación entre os membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e as comunidades e entidades galegas no exterior.



- Mellorar a metodoloxía de traballo das reunións da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas para facer deste un órgano máis operativo e con capacidade para asumir as novas funcións para este órgano que sinala a Lei da galeguidade.

### **Accións:**

- 22.1.** Desenvolver un espazo de comunicación directa entre os membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e as comunidades e entidades galegas no exterior que facilite o contacto directo e permanente entre as sociedades galegas e os seus representantes. A dita canle de comunicación desenvolverase nun espazo e acceso limitado dentro do portal [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com).
- 22.2.** Ampliar as sesións da Comisión Delegada, nunha xornada máis de traballo co obxecto de poder integrar os traballos necesarios para desenvolver as novas funcións atribuídas a este órgano pola Lei 7/2013, da galeguidade.
- 22.3.** Apoiar e prestar a axuda necesaria para que os membros da Comisión Delegada elaboren anualmente a memoria deste órgano.





### **3.8. Área de protección do patrimonio das comunidades galegas no exterior**



## Liña de actuación 23: catalogación do patrimonio galego no exterior

### Descrición:

Diversas institucións galegas, como é o caso do Consello da Cultura Galega ou comunidades ou entidades galegas como a Federación de Sociedades Galegas na República Arxentina ou o Centro Galego de Barcelona, desenvolveron accións para rescatar nalgúns casos e catalogar e poñer en valor o patrimonio cultural da galeguidade.

A Xunta de Galicia, a través do órgano con competencias en materia de emigración, apoiou estas accións específicas e divulgou algunhas delas a través da súa páxina web [www.galiciaberta.com](http://www.galiciaberta.com). Así mesmo, O Consello da Cultura Galega, a través do Arquivo da Emigración Galega, pretende constituír un centro ou banco de referencias documentais sobre o fenómeno migratorio ao longo de dúas etapas e a través da súa páxina web [www.consellodacultura.org/aeg/](http://www.consellodacultura.org/aeg/) pretende aglutinar, recoller e difundir a información sobre o patrimonio cultural da emigración galega.

O interese dos poderes públicos, institucións e sociedade galega en recuperar e poñer en valor o patrimonio da Galicia exterior quedou reflectido na Lei 7/2013, da galeguidade.

### Obxectivos específicos:



- Apoiar as accións de catalogación e recuperación patrimonial dos organismos e institucións de Galicia e os que desenvolvan as propias comunidades galegas.
  
- Posta en valor do patrimonio cultural das comunidades galegas no exterior, mediante a súa exhibición física ou virtual, o acceso destes materiais a investigadores e estudosos da cultura galega e a súa divulgación a través dos canais mais axeitados.

### **Accións:**

- 23.1.** Desenvolver accións de investigación e documentación do patrimonio cultural e documental nas principais comunidades galegas.
  
- 23.2.** Posta á disposición do catálogo de recursos culturais e documentais da Galicia exterior, a través da páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com), para a súa consulta e divulgación xeral.
  
- 23.3.** Posta en marcha dun proxecto de recuperación da historia oral da emigración, a través da páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)



## Liña de actuación 24: Plan de conservación do patrimonio galego no exterior

**Descrición:** a historia das comunidades galegas no exterior, e unha fermosa xesta polo mantemento da lingua e da cultura de Galicia, froito desta acción decidida, a historia cultural do noso país e mesmo a nosa identidade contemporánea como pobo non poden ser entendidas sen a contribución das nosas comunidades.

O legado cultural das sociedades galegas, fundamentalmente das radicadas no continente americano, é esencial para o estudo e comprensión da Galicia universal e do devir cultural da nosa comunidade.

A Lei 7/2013, da galeguidade recoñece no seu articulado a necesidade de protexer e preservar o patrimonio cultural da Galicia exterior:

- Art. 7. j) Preservar e poñer en valor o patrimonio cultural creado polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia ao longo da súa historia.
- Art.8. e) Recoller nos seus estatutos o destino do seu patrimonio no caso de disolución. O patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico cederase ao pobo galego, a través da Comunidade Autónoma de Galicia, e/ou a outras comunidades galegas asentadas dentro do territorio onde se encontre a comunidade galega, e de conformidade co ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma de Galicia e dos Estados onde estean asentadas as ditas comunidades.



Art. 8. i) Recoller nos seus estatutos o deber de preservar o seu patrimonio e asemade o deber de colaborar co Goberno galego tanto na catalogación e inventario como na posta en valor do patrimonio de Galicia no exterior.

Art. 23. i) O dereito a preservaren e a difundiren o patrimonio da galeguidade no seu ámbito territorial.

Art. 27.g) Actuacións en defensa e protección do patrimonio por parte da administración.

A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas.

Nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.

A Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante as seguintes accións:

- 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.
- 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio universal de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.



- 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

### **Obxectivos específicos:**

- Promover a realización dun plan de recuperación e conservación do patrimonio das comunidades galegas no exterior.
- Coordinar accións de protección do patrimonio cultural galego no exterior de común acordo coas administracións dos territorios onde estea este patrimonio e co Estado español.

### **Accións:**

- 24.1.** Elaborar, en colaboración co Consello da Cultura Galega e con outros departamentos da Xunta de Galicia, un Plan de conservación do patrimonio galego no exterior.



**24.2.** Promover e impulsar a sinatura de acordos coas administracións competentes en materia de protección cultural dos lugares onde estean radicadas as comunidades galegas do exterior, e co acordo do Estado español, co fin de proceder a mellorar a protección do patrimonio cultural galego no exterior.



**3.9. Área tecnoloxía, accesibilidade na Administración e comunicación**



## **Liña de actuación 25: comunicación e novas tecnoloxías.**

**Descrición:** o fomento das novas tecnoloxías nas comunidades galegas favorece o intercambio de información entre estas, e entre estas e a Administración, de maneira que as experiencias e bagaxe dunha comunidade galega pode servir de referencia para o resto da galeguidade en todo o mundo, mediante a difusión a todo o mundo da súa actividade. Ademais de espallar os seus froitos pode servir de alicerce e chamada de atención para dar lugar a accións similares noutros puntos, adaptándoas á realidade, conxuntura e idiosincrasia propias de cada rexión ou país.

Por outra banda, e mercé á utilización destas novas vías, os asuntos de interese de toda a galeguidade poderán ser coñecidos ao mesmo tempo no lugar de orixe da noticia e en todos os lugares do mundo, o que dá lugar, por primeira vez na historia, á simultaneidade no acceso á información e á súa universalidade, pois terase acceso a ela en igualdade de condicións á marxe do lugar en que se recibe.

### **Obxectivos específicos:**

- Espallar a cultura do intercambio de información para aproveitar posibles sinerxias entre as comunidades galegas do Exterior.
- Aproveitar a extensión de internet e ferramentas en liña para que esa propagación da información sexa instantánea.





- Poñer en marcha medidas tecnolóxicas nas comunidades –e máis naquelas cunha ampla base xeográfica– para que a información e accesibilidade aos servizos cheguen a todos os socios en condicións de igualdade.
- Introducir paulatinamente a cultura da difusión na rede de actividades e servizos, priorizando os dispositivos móbiles, máis achegados á mocidade.
- Empregar os medios de comunicación “convencionais” para difundir os aspectos informativos máis importantes que teñan que ver coa diáspora e as súas organizacións.

### **Accións:**

- 25.1.** Xerar unha comunicación eficaz, con ferramentas fáciles de xestionar, entre as comunidades galegas e a/s páxina/s corporativa/s da Secretaría Xeral da Emigración, de maneira que esta/s sirva/n de rede de intercambio de información entre os axentes dinamizadores de diáspora.
- 25.2.** Organizar encontros físicos ou en liña, entre os responsables da xestión e difusión da información das comunidades, para poñer en común algunhas experiencias interesantes polo seu éxito inesperado ou mantido no tempo.



- 25.3.** Introducir o aspecto da renovación tecnolóxica en sistemas de comunicación como un criterio de baremación para obtención de axudas e subvencións regulamentadas desde a secretaría.
  
- 25.4.** Apoiar a xeración e espallamento de plataformas e ferramentas para dispositivos móbiles, que promovan a información útil e de servizos entre a mocidade vinculada á diáspora.
  
- 25.5.** Promover nas comunidades galegas a cultura das novas tecnoloxías, de maneira que as acaben por empregar con regularidade e familiaridade.



### 3.10. Área do retorno



## **Liña de actuación 26: axudas ao retorno**

**Descrición:** Liña de axudas dirixida a conceder axudas extraordinarias e non periódicas aos emigrantes galegos retornados e aos seus familiares. Estas axudas fundaméntanse en feitos de urxente atención e destinaranse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas derivadas do retorno que, polas súas circunstancias, requiren dunha atención inmedita na obtención de recursos polos afectados, de tal xeito que alcancen a complementar ou aliviar a carencia de recursos. Trátase lles prestar o apoio necesario aos emigrantes galegos retornados nos momentos posteriores ao proceso de retorno á comunidade autónoma e intentar paliar unha situación de necesidade económica que este proceso pode levar consigo nalgúns casos . Para isto, as persoas galegas retornadas deberán acreditar que están en posesión da nacionalidade española antes do retorno, que residiron legalmente no estranxeiro un período de tempo determinado anterior á data do seu retorno a España e que están empadroadas e teñen residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta que se trata dunha axuda de carácter extraordinario e para caso de urxente atención será tamén necesario que os emigrantes non superen un determinado límite de rendas ou ingresos.

### **Obxectivos específicos:**



- A finalidade destas axudas é axudar os galegos retornados a lles facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Accións:**

**26.1.** Elaboración, tramitación e publicación da resolución de convocatoria de axudas.



## **Liña de actuación 27: axudas ao autoemprego e actividade emprendedora dos retornados**

**Descrición:** liña de subvencións destinadas a apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas, mediante o seu establecemento como traballadores/as autónomos/as ou por conta propia ou como socios/as traballadores/as de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado. O éxito no proceso de retorno dos emigrantes galegos á súa terra de orixe depende en gran medida de que se produza a súa efectiva integración no mundo laboral, polo que se considera de grande importancia contribuír, por un lado, a facer realidade as iniciativas empresariais dos emigrantes galegos e, por outro, ao desenvolvemento do tecido empresarial galego. Por iso, con esta liña foméntase a cultura e a actividade emprendedora prestándolles o apoio necesario nas fases iniciais do seu proxecto empresarial.

### **Obxectivos específicos:**

- A finalidade destas subvencións é a de favorecer e promover o retorno das persoas galegas emigrantes como unha fórmula eficaz de reincorporación á sociedade galega mediante a subvención dos gastos derivados do seu establecemento na comunidade autónoma como traballadores/as autónomos/as ou por conta propia ou como socios/as traballadores/as de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado.



## Accións:

**27.1.** Elaboración, tramitación e publicación da resolución de convocatoria de axudas.



## 4. ÁREAS TRANSVERSAIS







## 4.1. Galeguitade e saúde



- A atención sanitaria aos galegos emigrados aos países americanos foi o xerme do nacemento das sociedades mutualistas galegas en países como A Arxentina, Cuba, O Uruguai, O Brasil ou México.
- Estas mutualidades sanitarias tiveron unha importancia crucial en países con sistemas públicos sanitarios deficientes ou non universalizados, porque garantían a prestación de servizos sanitarios á nosa comunidade. É de sinalar que a maior parte destas sociedades funcionaban tamén como sociedades benéficas, e dedicaron unha parte das súas ganancias á atención sanitaria ou social gratuíta para aqueles galegos en situación de necesidade.
- A partir do fortalecemento dos sistemas públicos sanitarios en América, moitas destas sociedades empezaron a sufrir problemas financeiros agudizados polas crises económicas que afectaron a diversos países americanos nas décadas dos oitenta, noventa do pasado século e nos primeiros anos deste século XXI.
- O Goberno galego tentou paliar os efectos desta crise das sociedades mutualistas buscando o mantemento das prestacións sanitarias para os mutualistas galegos, especialmente para aqueles en situación de necesidade para os maiores galegos residentes no exterior.
- Na actualidade, o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral da Emigración, segue a manter liñas de axuda a estas sociedades, centradas en actuacións específicas co obxecto de que estas entidades poidan prestar servizos sanitarios a galegos en situación de necesidade ou en risco de exclusión social.



**5.1.1. Tarxeta Galicia Saúde Exterior.** O Goberno de Galicia, no ano 2009, a través da Consellería de Sanidade, garante a asistencia sanitaria pública aos galegos e galegas residentes no exterior nas súas estancias temporais en Galicia e que non teñan dereito, por ningunha outra vía, á asistencia sanitaria na nosa comunidade.

▪ **Continxencias protexidas:**

- Enfermidade común.
- Accidente non laboral.
- Maternidade.

▪ **Prestacións incluídas:**

- Medicina xeral, especialidades e tratamento médico na modalidade de urxencia. Tamén o internamento hospitalario se fose necesario.
- Tratamento cirúrxico na modalidade de urxencia, quedando excluída a implantación de próteses de calquera tipo.
- A prestación farmacéutica, cunha achega do 50 %, excepto no caso de internamento hospitalario, que será gratuíta.



▪ **Organismos, comunidades e entidades galegas colaboradoras na tramitación da tarxeta Galicia Saúde Exterior:**

- **Delegación da Xunta de Galicia.** Bos Aires, República Arxentina.
- **Centro Español e Repatriación.** Santos. República Federativa do Brasil.
- **Hospital Espanhol.** Salvador de Bahía. República Federativa do Brasil.
- **Sociedade Española de Beneficencia.** Sao Paulo. República Federativa do Brasil.
- **Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mútuos, Instrução e Recreio,** Río de Xaneiro. República Federativa do Brasil.
- **Real Sociedad Española de Beneficencia.** Salvador de Bahía. República Federativa do Brasil.
- **Unity Galega of the United States INC.** Nova York. Estados Unidos de América.
- **Centro Orensano Social Club.** Newark. Estados Unidos de América
- **Peña Gallega – Club España.** Newark. Estados Unidos de América
- **Centro Galego de México, A.C.** Cidade de México. Estados Unidos Mexicanos.
- **Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.** Caracas. República Bolivariana de Venezuela.
- **Hermandad Gallega de Valencia.** Valencia. República Bolivariana de Venezuela
- **Delegación da Xunta de Galicia.** Montevideo. República Oriental do Uruguai.



## 4.2. Galeguidade e cultura



- O pobo de Galicia ten unha débeda inesquecible coas nosas comunidades e entidades galegas no exterior que foron as depositarias, promotoras e divulgadoras da cultura e da lingua galega nos momentos máis escuros da nosa historia recente.
  
- O Estatuto de Autonomía de Galicia reconece no seu artigo 7:
  1. As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.
  
  2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado español que, para facilitar o disposto anteriormente, celebre os oportunos tratados ou convenios cos Estados onde existan tales comunidades.
  
- Esta labor de mantemento dos lazos culturais e sociais coa nosas comunidades no exterior conforma a base de traballo dos poderes públicos de Galicia cos nosos residentes no exterior e coas sociedades que os representan.
  
- O coñecemento e extensión do uso da nosa lingua entre os nosos residentes no exterior e a divulgación da cultura galega nas nosas sociedades son accións permanentes dos departamentos da Xunta de Galicia con competencias en materia educativa, cultural e de extensión lingüística.



- 
- 5.2.1. Ensinanza da lingua galega.** Poñer á disposición das nosas comunidades e dos galegos residentes no exterior recursos didácticos e profesorado para desenvolver cursos de ensinanza de lingua e cultura galegas.
- 5.2.2. Recursos tecnolóxicos.** Facilitar o acceso dos cidadáns galegos residentes no estranxeiro aos recursos tecnolóxicos da Comunidade de Galicia para a aprendizaxe da lingua galega e acceso aos recursos culturais da nosa comunidade autónoma.
- 5.2.3. Ámbito universitario: lectorados.** No ensino superior, a Rede de Centros de Estudos Galegos permite ensinar a nosa lingua e cultura en 37 universidades dos cinco continentes, das cales 29 contan con lectorados de lingua, literatura e cultura galegas (Alemaña, A Arxentina, O Brasil, Estados Unidos, Polonia..., e outras universidades españolas).

Os convenios de colaboración que posibilitan a existencia de lectorados nos centros de estudos galegos nas diferentes universidades do exterior permitenlle ao alumnado realizar diferentes programas e actividades relacionadas coa promoción e coñecemento da lingua e cultura galegas, tales como: actuacións formativas, asesoramento lingüístico, investigación en lingua galega, seminarios e cursos, xornadas, talleres, encontros, estudo e preservación de obras de escritores e escritoras galegas, constitución de fondos bibliográficos...

- 5.2.4. Ensino básico, secundaria e bacharelato impartido en centros educativos de fóra de Galicia, pero dentro do territorio español e nos centros educativos do exterior.**



Aos centros de Galauda (Cataluña) súmanse en España os das comarcas do Bierzo e de Sanabria (Castela e León) que se benefician do Protocolo de colaboración entre Galicia e Castela e León; e, no estranxeiro, os colexios Cañada Blanch de Londres e Santiago Apóstol de Bos Aires.

O Cañada Blanch e mais o Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires son centros educativos de fóra de Galicia onde se imparte docencia de lingua galega a estudantes de niveis preuniversitarios. Estes colexios e institutos permiten responder ás demandas dos galegofalantes que viven no exterior e dar a coñecer o noso idioma tamén entre a poboación de orixe non galega.

- 5.2.5. Certificacións oficiais dos estudos de Galego no exterior.** Posibilidade de solicitar a acreditación oficial dos niveis Celga correspondentes o alumnado que curse estudos regrados de lingua galega en centros de ensino secundario e en escolas oficiais de idiomas de fóra de Galicia.





### **4.3. Galeguidade e benestar**



- O mantemento das políticas sociais do Goberno galego cara aos galegos residentes no estranxeiro é a base fundamental das políticas públicas cara á Galicia do exterior.
- Os departamentos da Xunta de Galicia implicados no desenvolvemento de políticas sociais actúan de xeito directo cos cidadáns galegos residentes no estranxeiro en situación de precariedade ou en risco de exclusión social, ou ben a través da rede asistencial creada polas propias comunidades e entidades galegas no exterior e outras entidades con presenza de galegos e que actúan a favor dos nosos residentes no exterior.
- O feito de que unha parte importante dos nosos residentes no exterior sexan maiores (28,6 % do total) fai que os programas de atención a maiores en situación de precariedade sexan unha prioridade da acción pública galega en materia social cara á nosa poboación residente fóra das nosas fronteiras.

**5.3.1.** Mantemento das políticas sociais e axudas de carácter asistencial e persoal aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade ou en risco de exclusión social.

**5.3.2.** Fortalecemento das políticas de colaboración ás comunidades e entidades galegas, así como a outras entidades con presenza de galegos que desenvolvan accións asistenciais cara aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade ou en risco de exclusión social.



- 
- 5.3.3.** Axuda as comunidades e entidades galegas, así como a outras entidades con presenza de galegos que manteñan espazos dedicados á atención dos maiores galegos residentes no exterior: residencias e centros de día. Orientar as nosas comunidades e entidades galegas a reforzar o seu traballo neste eido, de forma fundamental naqueles países cunha alta presenza de galegos maiores.
- 5.3.4.** Garantir que a atención social aos galegos en situación de precariedade ou en risco de exclusión social por parte das comunidades e entidades galegas manteña os niveis de calidade esixibles a calquera entidade que desenvolverase o mesmo tipo de accións en Galicia.
- 5.3.5.** Coordinar accións coas administracións do Estado español ou das administracións dos estados de residencia da nosa poboación que posibiliten unha mellor atención aos nosos residentes en situación de precariedade ou en risco de exclusión social, así como aos nosos maiores.



**4.4. A proxección económica de Galicia no exterior  
e a galeguidade**



- A mellora do mercado exterior de Galicia, o incremento das nosas exportacións ao exterior e a captación de investimentos e carga de traballo para as empresas galegas por parte de empresas e organismos estranxeiros son esenciais na etapa de recuperación económica que está a emprender Galicia.
- O papel que cómpre xogar nesta estratexia de proxección exterior da economía galega por parte dos cidadáns galegos residentes no estranxeiro e do tecido asociativo galego no exterior é esencial. A consideración pública dos nosos paisanos no exterior como os “mellores embaixadores de Galicia” reflicte a importancia que a presenza galega no estranxeiro ten para o desenvolvemento económico da nosa comunidade.
- Os poderes públicos de Galicia con competencia en materia de desenvolvemento económico levan anos impulsando a xeración dunha rede de empresas e profesionais galegos no exterior que, de forma coordinada e co apoio da Administración galega, axude a mellorar a proxección da economía galega naqueles países nos que residen e desenvolven o seu labor empresarial e/ou profesional.
- As comunidades e entidades galegas no exterior teñen tamén un papel clave neste proceso de internacionalización da nosa economía e, por iso, na Lei 7/2013 da galeguidade recoñécese o dereito das comunidades galegas a manter relacións económicas con Galicia:

Artigo 24. Alcance do recoñecemento da galeguidade na orde económica



1. O recoñecemento da galeguidade das comunidades galegas implica na orde do desenvolvemento económico de Galicia:
  - a) O dereito a recibiren información sobre a realidade económica de Galicia.
  - b) O dereito a manteren contacto cos axentes económicos e sociais da nosa Comunidade.
  - c) O dereito a colaboraren co Goberno e cos axentes económicos de Galicia no impulso de actividades de carácter económico-empresarial que fomenten o desenvolvemento económico e a proxección económica de Galicia no exterior e a súa internacionalización dentro do seu ámbito territorial.
  - d) O dereito a promoveren as relacións económicas entre os/as galegos/as asentados/as fóra de Galicia e a nosa Comunidade.
  - e) O dereito a participaren en foros económicos e a formularen iniciativas que redunden no desenvolvemento e no progreso de Galicia e na súa proxección económica no ámbito internacional.
  - f) O dereito a participaren nos asuntos de interese económico para os/as galegos/as residentes fóra de Galicia, a través dos órganos de representación da galeguidade.



2. O exercicio dos dereitos e a participación das comunidades galegas en accións que busquen o desenvolvemento económico de Galicia realizaranse a través dos órganos de representación da galeguidade, de acordo cos seus estatutos e segundo se determine regulamentariamente.

#### Artigo 28. Actuacións no ámbito económico

1. No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá e favorecerá as relacións entre o empresariado galego radicado en Galicia e o residente no exterior, buscando a súa maior efectividade a través dos plans, programas e accións da Xunta de Galicia que permitan a incorporación do potencial emprendedor, económico e empresarial da cidadanía residente no exterior ás políticas económicas propias de Galicia.
2. A Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos seus órganos e entidades instrumentais do sector público autonómico, en colaboración cos axentes económicos e coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e cos seus membros, fomentará o desenvolvemento de foros, feiras e demais actividades que persigan o coñecemento e a mellora da realidade económica de Galicia nos territorios onde estean asentadas e a súa internacionalización e desenvolvemento.
3. A Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas competencias, promoverá, en cooperación coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, a formación e a capacitación ocupacional e empresarial dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia.



- 5.4.1.** Seguir desenvolvendo os plans e programas públicos a favor dunha maior implicación dos empresarios e profesionais galegos residentes no exterior no desenvolvemento económico de Galicia e na súa internacionalización.
  
- 5.4.2.** Fomentar que as comunidades e entidades galegas no exterior apoiem este proceso a través de accións de apoio aos procesos de internacionalización das empresas galegas nos seus lugares de establecemento a través do uso dos seus locais, a introdución ao país dos empresarios galegos con interese en consolidar negocios nos seus lugares de establecemento e a través da información de calidade que estas sociedades e os seus socios poidan poñer en valor cara ao noso empresariado con proxectos de internacionalización.
  
- 5.4.3.** Apoio as accións institucionais de promoción económica de Galicia no exterior.





## **4.5. Galeguidade e a promoción de Galicia no exterior**



Por iniciativa da Secretaría Xeral de Emigración en colaboración coa Consellería de Medio Rural e do Mar e Axencia Turismo de Galicia (TurGalicia e Xacobeo), Galicia Calidade e Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, ponse en marcha un proxecto que ten como obxectivo a promoción de Galicia nas actividades singulares que os centros galegos realizan con proxección ás sociedades nas que estean enclavados. Deste xeito, os galegos na diáspora actúan como auténticos embaixadores e axudan á promoción dos nosos produtos.

Este proxecto elabora, impulsa e executa un plan de promoción de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas no exterior. O dito plan articula as medidas de colaboración da Xunta coas comunidades galegas, cara ás sociedades nas que están enclavadas, para a promoción dos produtos agroalimentarios, do mar, da acuicultura, da artesanía, así como de Galicia en xeral como destino turístico, sobre todo na divulgación do Camiño de Santiago.

- 5.5.1.** Promover a oferta turística de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas no exterior e sobre todo na divulgación do Camiño de Santiago.
- 5.5.2.** Exaltación da gastronomía galega a través da realización de demostracións culinarias con showcookings e degustacións, destacando a variedade e calidade dos produtos.
- 5.5.3.** Promoción da cultura galega.



**5.5.4.** Promoción da artesanía de Galicia.

**5.5.5.** Promover os produtos agroalimentarios e do mar galegos fóra da nosa comunidade e directamente nos destinos de exportación.

**5.5.6.** Desenvolvemento de accións:

- a. España.
- b. Europa.
- c. América.



#### **4.6. Galeguidade e cooperación galega ao desenvolvemento**



- A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento sinala no seu artigo 23:

Artigo 23. Axentes da cooperación.

Para os efectos desta lei, considéranse axentes da cooperación os seguintes:

- a) A Administración autonómica e as entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como as institucións que as integren ou as organizacións que as representen.
  - b) Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento.
  - c) Universidades.
  - d) Empresas e organizacións empresariais.
  - e) Sindicatos.
  - f) As comunidades galegas no exterior.
  - g) Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento
- 5.6.1.** Formar os socios das comunidades galegas no exterior en materia de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria, co obxecto de que poidan exercer, de forma efectiva, o seu rol como axentes galegos de cooperación.



- 
- 5.6.2.** Desenvolver proxectos de cooperación ao desenvolvemento e/ou axuda humanitaria, en países específicos que demanden esta axuda, que estean previstos nos plans directores da cooperación galega e que contén con comunidades galegas preparadas para actuar como axentes de cooperación ao desenvolvemento.




## TERCEIRA PARTE: GOBERNO DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016





## 5. NIVEIS DE XESTIÓN DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016










## 6. DESENVOLVEMENTO DO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN


2014-2016






























## 7. ORZAMENTO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016



<b>ORZAMENTO PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2014-2016</b>	
<b>Orzamento Secretaría Xeral da Emigración</b>	<b>24.055.986 €</b>
<b>Orzamento transversal</b>	<b>1.295.100 €</b>